


Autor e ilustrador: **ANTHONY BROWNE**
Traducción: **CHEMA HERAS** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encuadernado en cartón
32 páxinas a todo color. 25x27 cm.
Disponible en:

- Gallego: "Sacapenas"
Tras os Montes. ISBN 978-84-8464-585-6
- Portugués: "As preocupações do Billy"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-49-1
- Euskera: "Kezkamuxelak"
Amets egiteko Liburuak. ISBN 84-8464-586-X

Precio: 15 €

SACAPENAS



Bieito sempre estaba preocupado.

Preocúpase polos sombreiros e polos zapatos. Preocúpanlle as nubes, a chuvia e os paxaros xigantes. A súa avoa, cando era nena, tamén se preocupaba por todo, por iso ela sabe moi ben como axudar ao seu neto.

Os bonecos "sacapenas" son o símbolo deste relato que nos abre a porta a outra cultura. Dende hai moito tempo os nenos de Guatemala fabricanos con pauciños e restos de teas e fíos; á hora de deitarse cóntanlles unha preocupación e déixanos debaixo da almofada para que, ao día seguinte, esperten sen inquiredanzas.

Anthony Browne crea un relato cheo de misterio, acompañado dunhas ilustracións que reforzan esa atmosfera enigmática. As escenas de tensión distínguense das demais pola cor: os medos de Bieito píntanse cunha escala de grises que potencia o efecto de intriga e inseguridade; en contraste, o colorido inunda as demais páxinas, principalmente aquelas nas que os "sacapenas" fan a súa aparición, incrementando o efecto beneficioso dos bonecos para o desenlace da historia.

O estilo de Anthony Browne destaca polo realismo das ilustracións, polo detallismo co que representa a figura humana, os rasgos de expresión ou as engurras da pel. Os momentos agradables na vida de Bieito acontecen no marco de estampas familiares, que aportan un ambiente tranquilizador. Pola contra, cando lle atacan as súas obsesións, xurden formas de inspiración onírica e surrealista. A súa avoa daralle o remedio a tanto desasosego.

ANTHONY BROWNE (Sheffield, Inglaterra. 1946)

Adquiriu a súa formación artística na Leeds Colleague of Art e especializouse en deseño gráfico. O seu afán perfeccionista pola representación da figura humana provén da influencia que lle causou un dos seus primeiros traballos, como debuxante de temas médicos nun hospital de Manchester. A súa dedicación á ilustración infantil corresponde a unha etapa posterior como deseñador de tarxetas de felicitación.

- **Temática:** remedio para os temores e preocupacións
- **Idade recomendada:** dende 4 anos
- **Aspectos destacables:** a orixe dos bonecos 'sacapenas', ilustracións realistas e mestura de elementos realistas e imaxinarios
- **Aplicacións:** Despois de "O libro dos porcos" no que se fomenta a educación en valores, "Sacapenas" aposta por inculcar nos lectores valentía para afrontar os medos; do autor de "No bosque"



O seu estilo tamén revela o seu interese polos pintores surrealistas, polas escenas oníricas e a introducción de elementos estraños nas súas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu na súa fructífera traxectoria figuran a Medalla Kate Greenaway e o premio Kurt Maschler. Pero por riba destes destaca, en 2000, o Premio Hans Christian Andersen polo conxunto da súa obra. Foi o primeiro británico en obter esta distinción, dende 1956.

É un dos autores ingleses de maior prestixio pola súa contribución ao descubrimento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. Velai títulos como *O libro dos porcos* (editado por KALANDRAKA en galego, euskera e portugués), *Gorila*, *Cambios*, *El túnel*, *Zoológico* e a serie *Willy*. Os críticos din da súa obra que crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector para completar e interpretar o texto, independentemente da súa idade.

